

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE AUTORIZA A COLOCACIÓN DE CORDAS CON SACOS, A MAIORES DAS AUTORIZADAS, EN BATEAS DE MEXILLÓN.

Feitos

1. O 04.12.2025, Ricardo Manuel Herbón González (52455006X), en representación da Organización de Produtores de Mejillón de Galicia (G36041234), presentou unha solicitude (nº de rexistro de entrada 2025/3389639) na que solicita autorización para a colocación de 100 cordas a maiores das xa autorizadas, nas bateas dos polígonos de Portonovo A e B e de Bueu A1, A2 e B.1.
2. O 09.12.2025, Ricardo Manuel Herbón González (52455006X), en representación da Organización de Produtores de Mejillón de Galicia (G36041234), presentou unha solicitude (nº de rexistro de entrada 2025/3389639) na que solicita autorización para a colocación de 100 cordas a maiores das xa autorizadas nas bateas do polígono de Cambados B, de 50 cordas no polígono de Cambados C2 e de 60 cordas no polígono de Cambados C1.

Consideracións legais e técnicas

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, regula no capítulo III do título V as concesións de actividade na zona marítima.
2. O artigo 35.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia establece que cando nun período determinado se presenten de modo persistente e continuado fenómenos medioambientais excepcionais, tales como fortes temporais ou episodios de fitoplancton tóxico, que impidan levar a cabo o ciclo normal de produción ou repercutan gravemente no de comercialización, a delegación territorial, dentro do ámbito da súa competencia, poderá autorizar por resolución motivada o incremento do número de cordas de engorde en determinados polígonos con carácter temporal, previa petición da maioría das entidades representativas do sector, e informe da correspondente unidade técnica administrativa. A autorización cesará no seus efectos cando se estime que desapareceron as especiais condicións determinantes da medida.





3. O 27.11.2025 o Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica informou que, á vista da situación das zonas de produción e unha vez consultada a Comisión do Mexillón, consonte ó establecido no Decreto 406/1996, do 7 de novembro, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, non observa ningún inconveniente en que se conceda con carácter excepcional a colocación de 100 cordas con sacos a maiores das 500 autorizadas ata un mes despois do levantamento do peche por biotoxinas baixo as seguintes condicións:

1. As solicitudes deben ser presentadas polas organizacións de produtores de polígonos que permanecen pechados e precisan a medida.
2. A vixencia da autorización rematará como máximo un mes despois do levantamento do peche por biotoxinas no polígono solicitado.
3. O número de cordas con sacos por batea non pode exceder de 100.
4. As cordas deberán estar claramente identificada mediante una marca de cor verde e como mínimo 30 cm de lonxitude, na súa parte superior.
5. O número de sacos por corda non exceda os 25.
6. Cada saco conterá un máximo de 10 Kg de mexillón.

Todos os concesionarios que fagan uso desta autorización deberán comunicar coa antelación suficiente a colocación das cordas a medida que as vaian pendurando. Deberán comunicar o nome do viveiro e a súa localización, a data e o número de cordas con sacos e a súa lonxitude, así como o número de sacos por corda que van dispoñer, á Subdirección Xeral de Acuicultura, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. A comunicación poderá ser realizada a través do correo electrónico servizo.innovacion.acuicultura.cmr@xunta.gal.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO

Autorizar, con carácter excepcional, a colocación de cordas con sacos, a maiores das autorizadas, nas bateas de mexillón dos polígonos:

- Cambados B, Portonovo A e B, Bueu A1, A2 e B o numero de cordas con sacos por batea non poderá exceder de 100.
- Cambados C1 o numero de cordas con sacos por batea non poderá exceder de 60.
- Cambados C2 o numero de cordas con sacos por batea non poderá exceder de 50.



Baixo as seguintes condicións:

1. As cordas deberán estar claramente identificadas mediante una marca de cor verde e como mínimo 30 cm de lonxitude, na súa parte superior.
2. O número de sacos por corda non poderá exceder de 25.
3. Cada saco conterá un máximo de 10 Kg de mexillón.
4. A vixencia da autorización rematará un mes despois do levantamento do peche por biotoxinas nos polígono autorizados.

Os concesionarios que fagan uso desta autorización deberán comunicar, coa antelación suficiente, o nome do viveiro e a súa localización, a data e o número de cordas con sacos e a súa lonxitude, así como o número de sacos por corda, á Subdirección Xeral de Acuicultura, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, a través do correo electrónico servizo.innovacion.acuicultura.cmr@xunta.gal.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro do Mar, no prazo dun (1) mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación. Transcorrido dito prazo sen que o recurso fose presentado, a resolución será firme a tódolos efectos.

A directora territorial

